

NORMAS DE CONVIVENCIA CURSO 2025/26

Estas normas, baseadas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, reflecten os valores e principios que rixen a convivencia no CPR Plurilingüe Alba.

1. Puntualidade

- O alumnado debe estar no centro antes das 08:55 h.
- O inicio e final da xornada está marcado polo timbre, pero é o profesorado quen indica cando remata a clase.
- Se se chega tarde, debe accederse por Secretaría e entregar un xustificante ao profesorado ou notificalo por Abalar.
- Durante o horario escolar non se poderá entrar nin saír do centro sen autorización expresa.

2. Uniforme escolar (Obrigatorio desde 3 anos ata 4º da ESO)

Uniforme diario:

- Pantalón curto/longo ou saia (á altura dos xeonllos).
- Polo camiseiro branco do centro (manga curta ou longa).
- Xersei azul ou suadoiro do uniforme.
- Calcetíns ou medias grises.
- Zapatos negros tipo colexial (admítense botas ata os nocellos).
- O alumnado de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria utilizará o mandilón do Centro.

Uniforme de Educación Física:

- Chaqueta ou suadoiro do chándal do colexio.
- Pantalón de chándal, malla ou short do colexio.
- Camiseta branca de deporte do colexio.
- Calcetíns deportivos brancos.
- Zapatillas deportivas brancas.

3. Relacións e respecto á comunidade educativa

- O alumnado respectará a todos os membros da comunidade educativa, non discriminándoos por razóns de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade ou calquera outra circunstancia.
- Debe obedecer as indicacións do profesorado, do persoal administrativo e de servizos no exercicio das súas funcións.
- O comportamento debe basearse no respecto mutuo, a colaboración e a empatía.

- Non se permiten comportamentos que poidan perturbar a convivencia nin a labor educativa.
- A violencia física ou verbal, insultos, ameazas ou discriminación están totalmente prohibidos.

4. Comportamento na aula

- O alumnado debe manter una actitude positiva cara á aprendizaxe.
- Debe respectarse a orde na aula e a intervención dos demais.
- Non se permite interromper, comer ou traer obxectos que distraían ou sexan perigosos.

5. Comportamento no centro e uso das instalación

- Desprazarse con orde polos corredores e escaleiras.
- Falar cun ton axeitado.
- Non está permitido correr, empurrar ou xogar en zonas non habilitadas nin saír ao patio, subir ás aulas ou permanecer nos corredores sen permiso, nin entrar nas aulas distintas ás propias sen razóns xustificadas.
- O alumnado debe coidar os espazoscomúns e manter a limpeza.
- Non está permitido comer no interior das aulas nin fóra dos espazos asignados.
- So se permitirá comer nos lugares habilitados para tal fin, evitando goma de mascar, pipas, caramelos, etc.

6. Material escolar e responsabilidade

- O material escolar debe ser coidado polo alumno/a.
- As pertenzas deben estar identificadas conome.
- O alumnado é responsable dos danos ocasionados por un uso indebido das instalación ou materiais do centro.

7. Uso de móbiles e dispositivos electrónicos

- Non está permitido o uso de móbiles, tablets ou outros dispositivos durante a xornada, a excepción doportátil de traballo, do que se fará un uso responsable, debendo traelo sempre cargado, utilízalo so nas tarefas asignadas polo profesorado e sempre cunha finalidade educativa. Tampouco se poden utilizar as redes sociais nin comunicarse pola mensaxería de E-Dixgal.
- O móbil debe permanecer apagado e gardado na mochila.
- Está prohibido gravar ou difundir imaxes ou vídeos sen consentimento.
- O mal uso de dispositivos será considerado falta grave e pode derivar en sancións.

8. Comunicación e resolución de conflitos

- Se un alumno/a é vítima ou testemuña dun acto contrario ás normas, debe comunicalo ao profesorado ou persoal do centro.
- O centro comprométese a tomar medidas inmediatas para garantir o benestar de todo o alumnado.

9. Consecuencias e medidas disciplinarias

- Os incumprimentos das normas serán tratados segundo o regulamento de convivencia do centro.
- As medidas adoptaranse de forma proporcional e educativa, buscando sempre a reflexión e reparación do dano.
- As familias serán informadas en caso de faltas graves ou reiteradas.

Estas normas contribúen a crear un clima de respecto, seguridade e aprendizaxe. A súa aceptación e cumprimento é responsabilidade de todos.